



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR:** Casa do Concello

**DATA:** 14 de maio de 2014

**HORA DE COMEZO:** 13.30 horas

**HORA DE REMATE:** 15.10 horas

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Dona Raquel García Fraga  
Don Antonio González Barral  
Dona María Dolores García Couto  
Dona Sonia Rodríguez Midón  
Dona Adela Redondo Rendo  
Don Jesús Neira Varela  
Don Xabier Canabal Fernández  
Don Perfecto Barcala Mosquera

### **AUSENTES:**

Don Jesús José Santasmarinas Devesa

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación modificación presupostaria**
- 3. Aprobación plan DTC 93 da Deputación Provincial da Coruña**
- 4. Modificación representante no Consello Escolar**
- 5. Disponibilidade do importe de 10.018,24 € das pagas extras decembro 2012 e aboamento ós traballadores municipais**
- 6. Moción número 14/756 do PP e moción número 850 do Concelleiro non adscrito**
- 7. Dar conta do marco presupostario 2015-2017 aprobado por Decreto do 19 de marzo do 2014**

**8. Dar conta dos datos presupostarios 2014 remitidos ó “ Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas”**

**9. Información da Alcaldía**

**10. Rogos e Preguntas.**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

O señor Canabal di o seguinte: “Eu quero facer unha consideración á acta anterior; como ben dixo Iglesias Corral, naquela frase mítica no parlamento de Galicia “aquí pasou, o que pasou”. E con independencia do que recolla a acta anterior quixer facer antes da votación da acta anterior dúas preguntas a todos os concelleiros, incluído, como non, ao Alcalde:

- Vostedes “perden” algún tempo en ler os expedientes plenarios?
- Vostedes escoitan algunha vez aos concelleiros do PSOE e de ANOVA?

Dá a sensación, sinceramente, de que non. E iso non pode ser. Polo tanto, pasou o que pasou, mais non vai pasar máis. Esfórcense un pouquiño, lean un pouco, e non estean tan pendentes como a portavoz do PP de se van cobrar unha ou dúas dietas, como preguntou o outro día na Comisión de Contas.

O que aquí pasou, parafraseando a Iglesias Corral, foi unha “vergoña”. E cómpre que non volva a pasar”.

O señor Barcala alega que el dixo o seguinte e non consta na acta:

1º primeiro: e antes de todo, quero manifestar a inmensa delicia que me produce, que un veciño deste concello, ex-membro desta corporación e sobre todo compañeiro de partido, fose elixido Reitor da Universidade de Santiago de Compostela e Lugo. Penso (di o señor Barcala) que este sentimento será compartido por todos os concelleiros e concelleiras desta corporación, e en xeral por todos os veciños e veciñas de Boqueixón, así como polos/as traballadores/as deste concello.

2º Segundo: alégrome que o equipo de goberno (segue dicindo o señor Barcala) tivese en conta os meus constantes e repetidos rogos e cambiara o horario dos plenos.

A continuación procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 28 de abril do 2014.

### **2.Aprobación modificación presupostaria**

O 30 de xaneiro de 2014 remitiuse ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os datos correspondentes ó presuposto 2013, do cal resultou un superávit de 162.014,41 euros. Por outro lado o concello ten a esta data un nivel de débeda viva de 833.195 € e tendo en conta o establecido na Lei Orgánica 9/2013 de 20 de decembro, en relación co destino do superávit. Tendo en conta, así mesmo, que a esta data non constan facturas pendentes de aboamento do ano 2013, e que a modificación presupostaria e a amortización do préstamo bancario polo importe do citado superávit (162.014,41 €) foi

informado favorablemente pola Comisión de Contas que tivo lugar o 28 de abril de 2014, propónse ó Pleno destinar o superávit á amortización do préstamo que o concello ten contratado coa entidade bancaria Novacaixabanco (BANESCO).

A continuación o señor Canabal di o seguinte:

“Como xa dixen na Comisión de Contas, entendo ben o mandato imperativo do Ministro de Administracións Públicas e Facenda, mais non por iso podo estar de acordo. E como xa falamos na Comisión de Contas, alégrome que vostedes tampouco estean de acordo, mais voten por disciplina.

En segundo lugar, queda neste punto por ver cales son os termos da amortización do préstamo, onde non tivemos aínda ningunha nova, e agardo que se de cumprida información ao pleno.

Para concluír, remítome a todo o dito na Comisión de Contas onde se informou esta modificación orzamentaria, mais compre que debe quedar claro cales son as prioridades deste goberno do PP. Súbense todos os impostos e taxas, paralelamente redúcense investimentos, despídese persoal, redúcese a calidade na prestación dos servizos públicos básicos e nos dereitos dos cidadáns. En fin, e para entender do que estamos a falar. Financiamos ás empresas concesionarias, despedimos xente e reducimos servizos, e o que sobre, para a Banca. É unha auténtica economía de casino, onde quen gaña, é a banca.

É unha vergoña, é inxusto, inmoral e indecente. Un auténtico atentado á autonomía local e un auténtico roubo á cidadanía”.

O señor Barcala di que con respecto a este punto non ten nada que engadir. Só manifestar que está de acordo con este plan para a estabilidade presupostaria e reducir o antes posible a débeda viva, tendo para elo que renunciar á facer cousas para a nosa veciñanza , pero iso forma parte da herdanza recibida , tantas veces por vostedes nomeada, que precede dos seus anteriores compañeiros de partido.

A señora García Fraga di que este punto xa foi debatido na Comisión de Contas e polo tanto reitera o nela dito e votan a favor desta modificación e amortización.

A continuación procédese coa votación e cos votos a favor do PP e do PS de G e en contra do Concelleiro non adscrito acórdase:

- 1- Destinar o importe do superávit do ano 2013 cuxa contía ascende a 162.014,41 €, a amortización do préstamo bancario que o concello ten contratado coa entidade bancaria Novacaixabanco (Banesco)
- 2- Con esta modificación o presuposto de ingresos e gastos quedará como se detalla:

Estado ingresos					Estado gastos				
Cap.	P.Inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo	Cap.	P.Inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo
1	655.917,00	--	--	655.917,00	1	1.176.537,47	--	--	1.176.537,47
2	6.000,00	--	--	6.000,00	2	1.074.000,00	--	--	1.074.000,00
3	350.000,00	--	--	350.000,00	3	14.000,00	--	--	14.000,00
4	1.402.442,47	--	--	1.402.442,47	4	29.500,00	--	--	29.500,00
5	1.234,00	--	--	1.234,00	5	--	--	--	--
6	--	--	--	--	6	696.032,20	--	--	696.032,20
7	630.032,20	--	--	630.032,20	7	--	--	--	--
8	3.000,00			165.014,41	8	3.000,00	--	--	3.000,00
9	--	--		--	9	55.556,00	162.014,41	--	217.570,41
<b>Total</b>	<b>3.048.625,67</b>		---	<b>3.210.640,08</b>	<b>Total</b>	<b>3.048.625,67</b>	<b>162.014,41</b>	---	<b>3.210.640,08</b>

Por último acórdase así mesmo, que con esta amortización do préstamo, se reduzan as cotas de posteriores amortizacións anuais e se manteñan os anos de duración do préstamo , que finaliza o 31 de decembro de 2028.

### 3.Aprobación plan DTC 93 da Deputación Provincial da Coruña

O día 4 de abril recibíuse o escrito da Deputación da Coruña onde se comunicaba a modificación das bases reguladoras do Plan DTC 93 cuxo texto se publicou no BOP núm. 62 do día 1 de abril de 2014. A este concello asignáronlle unha cantidade de 140.160,55 euros que pode destinar á realización das obras e subministros que se especifican nas bases do plan, así como achegas a plans, programas e convenios.

O prazo para a solicitude e a remisión da documentación iniciouse o día 1 de abril e remata o día 19 de maio. Todas as xestións realizáronse de xeito telemático.

Este concello elaborou 3 proxectos de obras, que consisten na reparación de varios camiños municipais e que a continuación se relacionan:

Reparación camiño cruce Gastrar a cruce de Vigo e outros, por importe de 52.197,59 euros

Reparación camiño subida a Quián (Sergude) e outro, por importe de 51.157,26 euros

Reparación camiño da Igrexa – cruce do Castrelo ( Lestedo) e outros, por importe de 36.805,7 euros.

A suma total dos importes é de 140.160,55 euros, que coincide coa cantidade asignada pola Deputación.

Para a tramitación precísase a aprobación da solicitude e dos correspondentes proxectos por parte do Pleno municipal. Polo tanto preséntase ante o Pleno a aprobación dos correspondentes proxectos.

A continuación o señor Canabal di que en canto ás obras vai dar o seu voto favorable. En canto aos distintos plans de obras recórdolles que podían facerlos participar na elaboración das prioridades deste concello. Nunca o fan, mais sí comproba neste caso que son atendidas as necesidades que lle expuxeran naquel pleno. Transcribe textualmente o dito entón:

*“Aínda que vou absterme na votación deste punto, porque así o desexaron vostedes ao non querer que participásemos na elaboración das prioridades deste concello, si lles recordo de anacos de estradas dentro de núcleos urbanos, no caso de Lestedo concretamente, que seguen sen asfaltar, e algunha delas xa foi requirida por algún veciño recentemente. Neste caso aproveito para que teñan en conta esta petición para poder facerlle fronte ao longo do ano 2014”.*

Mais aproveito unha vez máis para solicitarlle que teñan en conta a oferta de reunirmos para priorizar as obras do concello.

Se ben manteño o meu voto afirmativo, tamén digo (di o señor Canabal) que non me parece o mellor tempo para investir cartos públicos en adecentar prazas públicas.

O señor Barcala di que en canto ó proxecto de reparación do camiño da Igrexa-Lestedo a Edificio “O Forno”, na memoria descritiva por que ten unha lonxitude de 350 metros, dividido en dous treitos de 250 x 4,50 e 100 x 3 metros; preténdese a reposición do paquete de firme con 12 cm. de grava e triplo tratamento asfáltico.

Este camiño (Rúa da Filloa) ten máis de 4,50 m. de ancho nos seus primeiros 100 metros. É importante que na súa reparación e asfaltado se aproveite ó máximo a anchura posto que os días da feira é moi transitada e serve de aparcadoiro para moita xente, motivo polo cal é necesario este aproveitamento da súa anchura.

As liñas discontinuas que aparecen en cor azul nos mapas dos proxectos, supoño (di o señor Barcala) que se referirán a reparar as fochas e non a asfaltado completo.

No arranxo do “Muro e Praza de Codeso”, soamente é a reparación con aglomerado e chapeado do muro, que se invisten 2.814,16 €, o cal parece excesivo.

**REPARACIÓN PAVIMENTO PRAZA DE NOENTE (Ledesma), lonxitude 30 m. x 10 de ancho. Formigón con mallazo e xuntas de dilatación , previa limpeza e colocación de 55 m. de borde de formigón.**

Este campo situado diante do local social de Noente, está precioso ca súa fonte e enchelo de formigón parece unha auténtica barbaridade; perderá por completo o seu valor como carballeira de recreo , ao meu entender (segue dicindo) paréceme de moita máis urxencia a reparación da pista que vai desde A Ponte ata Sucira e que pasa por diante desta praza que facer a reparación con formigón desta praza.

**REPARACIÓN CAMIÑO DE SANCHO A LÍMITE CON TOURO.**

Preténdese mellorar a capa de rodaxe con tratamento asfáltico, limpeza de gabias e reparación previa de fochas.

Pregunta o señor Barcala quen solicitou a obra de Noente e responde o señor Alcalde que os veciños.

O señor Canabal di que nos tempos actuais, non é procedente adecerar prazas e que se deberían establecer outras prioridades.

O señor Barcala di que se deberían priorizar as pistas principais e logo as secundarias. Responde o señor Alcalde que a el gustaríalle que todas estiveran aglomeradas e que este ano co tempo que houbo hai que arranxar todas as pistas, ó que o señor Canabal responde que se debe facer un plan de prioridades.

O señor Barcala di que efectivamente debemos atender as peticións dos veciños pero que os veciños tamén comprenden que hai prioridades e prazos ou etapas.

Sen máis procédese coa votación e co voto a favor de todos os asistentes acórdase:

1º) Participar no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

1. Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA	ACHEGA
	TOTAL	MUNICIPAL	PROVINCIAL
Reparación camiño da Igrexa – cruce do Castelo (Lestedo) e outros	36805,7	0	36805,7
Reparación camiño de cruce Gastrar a cruce de Vigo e outros	52197,59	0	52197,59
Reparación camiño subida a Quian (Sergude) e outro	51157,26	0	51157,26
<b>TOTAL</b>	<b>140160,55</b>	<b>0</b>	<b>140160,55</b>

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2. Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
<b>TOTAL</b>		

3. Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total

SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIONES	140160,55	0	0	140160,55
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS	0	0	0	0
<b>TOTAL</b>	140160,55	0	0	140160,55

2º) Aprobar o Plan Complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións das obras ou subministracións:

Denominación	Presuposto
<b>TOTAIS</b>	

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### **4.Modificación representante no Consello Escolar**

No pleno extraordinario que tivo lugar o 26 de outubro de 2012 acordouse nomear como representantes no Consello Escolar á Concelleira dona Raquel García Fraga, como titular, e ó Concelleiro don Manuel Mouriño Varela, como suplente.

Por motivos de incompatibilidade horaria, á Concelleira dona Raquel García Fraga élle imposible acudir periodicamente ás reunións do citado Consello Escolar, por isto propónse ó Pleno a modificación da representante.

O señor Canabal di que se abstén, aínda que está de acordo porque a portavoz do PP é unha persoa problemática que arrasa por onde pasa e espera que a nova sexa máis dialogante.

O señor Barcala di que non ten nada que alegar neste punto e o señor Alcalde das grazas á Concelleira pola súa importante labor ao fronte da Concellería de Cultura, Educación e Deportes e en canto á crítica do señor Canabal responde o señor Alcalde que a Concelleira é unha persoa moi competente, traballadora e nada conflitiva, e que está facendo unha importante labor dentro do departamento de Cultura, Educación e Deportes.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención do PS de G e do concelleiro non adscrito acórdase:

1. O cese, por motivos de incompatibilidade horaria, de dona Raquel García Fraga como titular na representación do Consello Escolar.
2. Nomear como titular na representación do Consello Escolar á Concelleira dona M<sup>a</sup> Dolores García Couto.
3. Dar traslado deste acordo ás Concelleiras e á Dirección do CPI Antonio Orza Couto.

#### **5. Disponibilidade do importe de 10.018,24 € das pagas extras decembro 2012 e aboamento ós traballadores municipais**

No pleno celebrado o 14 de novembro de 2012 (modificación no pleno 21.12.2012) acordouse inmovilizar o crédito previsto para o aboamento da paga extra de decembro 2012 por importe de 39.992,31 €. Acordo adoptado en cumprimento do establecido polo Real Decreto Lei 20/2012 de medidas para garantir a estabilidade presupostaria.

Posteriormente reiterados pronunciamentos en Sentencias Xudiciais (Madrid, Castela a Mancha, Castela - León, Palencia e a Sentencia 794/2013 de 13 de novembro do T.S.X. de Galicia), recoñecen o dereito do persoal afectado a percibir a paga extra na contía efectivamente devengada do 1 de xuño ao 14 de xullo 2012. Basease ditas sentencias, entre outros, nos principios da irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas dos dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos, recoñecidos no artigo 9.3 da Constitución.

Por outro lado, con data 5 de maio de 2014 (registro de entrada 14/808), os traballadores municipais, aos que no seu momento afectou a supresión total da paga extra do mes de decembro de 2012, solicitan que se lle aboe a parte proporcional devengada entre o 1 de xuño e 14 xullo 2012 da citada paga extra, tal como así se recoñecen nas sentencias xudiciais, polo que se propón ó Pleno a súa aprobación.

O señor Canabal di que neste punto está totalmente a favor, e que o único que lamenta é que os traballadores non poidan cobrar a paga completa.



“Forma parte da terna que lle comentaba no punto da modificación orzamentaria. Unhas medidas inxustas e claramente regresivas.

Neste punto o que non comprendo é o porque se fai o abono con cargo á partida de “outros incentivos ao rendemento”. Ademais a partida ten 10.000 € cando o que se propón neste acordo son 10.018,24 €”.

Responde a Secretaria que se fará o aboamento polo que si consta na partida (10.000,00 €).

O señor Canabal di que as sentenzas hai que cumprilas.

A señora García Fraga di que está de acordo.

Por unanimidade dos presentes acórdase:

1. Dispoñer do importe de 10.018,24 € do total inmovilizado na sesión plenaria que tivo lugar o 21.12.2012.
2. Con este importe proceder co aboamento da parte proporcional da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012, polo período do 1 de xuño ao 14 de xullo 2012.  
O aboamento da referida paga realizarase con cargo á partida presupostaria 921.152.00 do presuposto xeral municipal deste ano, polo importe consignado en dita partida.

## **6.Moción número 14/756 do PP e moción número 850 do Concelleiro non adscrito**

### A) MOCIÓN NÚMERO 14/756 DO PP

O Grupo Municipal Popular de Boqueixón, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 24 da Constitución consagra o dereito que teñen todas as persoas a obter a tutela xudicial efectiva dos xuíces e tribunais para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Pero o poder xudicial ademais de garantir o respecto dos dereitos fundamentais de todos, debe mellorar a súa eficiencia e axilidade, o que redundará nun reforzamento da seguridade xurídica e na redución da litixiosidade.

A actual Lei Orgánica do Poder Xudicial foi aprobada en 1985 e ao longo destes practicamente 30 anos sufriu case 40 modificacións. Sen embargo, estas reformas parciais non conseguiron unha adaptación das estruturas da Xustiza á realidade económica, social e xurídica do século XXI.

O pasado 4 de abril o ministro de xustiza presentou ante o Consello de Ministros o anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial. O texto deste anteproxecto debe pasar agora os trámites de informe preceptivo que deben emitir o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal e o Consello de Estado, sen prexuízo doutros ditames ou

informes que o goberno puidera requirir. Con posterioridade, o texto, coas modificacións que o goberno considere oportuno incluír, será aprobado en Consello de Ministros e iniciárase o trámite parlamentario no Congreso e Senado.

É dicir, polo momento, estamos nunha fase completamente inicial, onde este texto pode experimentar cambios que enriquezan o seu contido.

Este anteproxecto de L.O.P.X. configura unha organización xudicial que ten por base os denominados Tribunais Provinciais de Instancia, órganos que coa devandita base territorial agruparían aos actuais xulgados calquera que sexa a súa orde xurisdiccional. Aínda que desaparece a terminoloxía de partido xudicial, isto non supón necesariamente a supresión de ningún órgano xudicial, xa que a lei contempla a creación de sedes desprazadas dos Tribunais Provinciais de Instancia atendendo á valoración conxunta dunha serie de circunstancias (volumen e dispersión da poboación, carga de traballo dos órganos xudiciais existentes, distancia á capital da provincia, estado dos edificios e infraestruturas xudiciais existentes, entre outros). Esta organización territorial recolleríase noutra futura lei (a Lei de Demarcación e Planta Xudicial), que tería que aterse ás normas establecidas na LOPX.

Neste sentido, Galicia ten unha serie de peculiaridades e especificidades propias como son o importante volumen de poboación que vive nas sete grandes cidades de Galicia (un millón de persoas, máis do 36% dos habitantes da Comunidade), a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e características orográficas que dificultan en moitos casos os desprazamentos á capital de provincia. Así mesmo, o actual goberno da Xunta de Galicia levou a cabo nestes últimos anos un importante esforzo económico (superior aos 50 millóns de euros) en materia de infraestruturas xudiciais, tanto en novas construcións, como en reformas ou ampliacións. Cuestión esta que consideramos debe ser tida en conta á hora de deseñar a organización territorial xudicial.

Polo tanto, dende este Grupo Municipal do PP de Boqueixón consideramos que este anteproxecto de lei debe adaptarse na materia de demarcación xudicial ás particularidades e especificidades propias de Galicia, polo que elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno central para que o texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial teña en conta as especificidades e peculiaridades propias de Galicia, de tal xeito que:

- a) as sete cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) contén con cadanseu Tribunal de Instancia.
- b) nos criterios que definan a futura planta xudicial no resto do territorio sexan tidos en conta criterios relacionados directamente coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, redes de comunicación e esforzo inversor realizado pola Xunta de Galicia á hora de construír e dotar ás sedes xudiciais que a día de hoxe existen nas catro provincias galegas.

## B) MOCIÓN NÚMERO 850 DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO

Xabier Canabal Fernández, en calidade de concelleiro da Corporación de Boqueixón e ao abeiro do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e nos regulamentos que a desenvolven, presento ao Pleno da Corporación do Concello de Boqueixón a seguinte MOCIÓN:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Primeiro: Con data 4 de abril de 2014 o Consello de Ministros aproba o Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial o que implica a desaparición dos partidos xudiciais por xulgados únicos de ámbito provincial con sede na capital “de provincia”, centralizando a Xustiza nas “capitais de provincia”, e dificultando o acceso dos cidadáns á xustiza. Por outra parte, tamén desaparecerían os xuíces de paz.

Segundo: O artigo 24 da constitución consagra o dereito que teñen todas as persoas a obter a tutela xudicial efectiva dos xuíces e tribunais para a defensa dos dereitos e intereses lexítimos, dereitos que son limitados ou dificultados coa reforma exposta no Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial aprobada no Consellos de Ministros.

Terceiro: En canto ao Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial, destacamos tamén que este non recolle as especificidades propias de Galicia como son a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e as características orográficas que dificultan en moitos casos os desprazamentos ás “capitais de provincia”.

Cuarto: Tendo en conta os principios reguladores deste Anteproxecto de Lei, o Partido Xudicial de Santiago desaparecería, unha demarcación cunha carga de litixiosidade importante e polo tanto ben dimensionada, co prexuízo obvio para os nosos veciños.

Tendo en conta que quedan aínda algúns trámites de importancia a este Anteproxecto (informes do Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal e o Consello de Estado entre outros) antes do trámite parlamentario nas Cortes do Estado, é polo que solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

### ACORDOS:

- 1.- Rexeitar o Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial aprobada no Consello de Ministros de 4 de abril de 2014, polo grave prexuízo que supón para o acceso á xustiza dos cidadáns.
- 2.- Dar traslado do presente acordo ó Ministro de Xustiza do Goberno do Estado, a fin de que non se leve a efecto a supresión do partido Xudicial de Santiago.
- 3.- Dar traslado do presente acordo o Presidente da Xunta de Galiza, a fin de que adopten as medidas que procedan para o mantemento do partido xudicial.
- 4.- Dar traslado do presente acordo os voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal e o Consello de Estado, informando que o Anteproxecto non recolle as especificidades propias de Galicia e solicitándolle o mantemento dos Partidos Xudiciais nas principais cidades e cabeceiras de Comarca. Dar traslado así mesmo aos voceiros dos partidos políticos do Congreso dos deputados e do Senado, ao Colexio Provincial de Avogados e ao Colexio Provincial de Procuradores da Coruña.

Ademais destas dúas mocións o representante do PS de G presenta outra moción, no mesmo senso, solicitando o mantemento dos partidos xudiciais.

Por isto, os tres grupos deciden presentar unha moción conxunta e acordan:

1. Rexeitar o anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial aprobada no Consello de Ministros do 4 de abril de 2014, polo grave prexuízo que supón o acceso á xustiza dos cidadáns.

2. Instar ao Goberno central para que o texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial teña en conta as especificidades e peculiaridades propias de Galicia, de tal xeito que:

a) As sete cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) contén con cadanseu Tribunal de Instancia.

b) Nos criterios que definan a futura planta xudicial no resto do territorio sexan tidos en conta criterios relacionados directamente coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, redes de comunicación e esforzo inversor realizado pola Xunta de Galicia á hora de construír e dotar ás sedes xudiciais que a día de hoxe existen nas catro provincias galegas.

3.- Dar traslado do presente acordo o Presidente da Xunta de Galiza, a fin de que adopten as medidas que procedan para o mantemento do partido xudicial.

4.- Dar traslado do presente acordo os voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal e o Consello de Estado, informando que o Anteproxecto non recolle as especificidades propias de Galicia e solicitándolle o mantemento dos Partidos Xudiciais nas principais cidades e cabeceiras de Comarca. Dar traslado así mesmo aos voceiros dos partidos políticos do Congreso dos deputados e do Senado, ao Colexio Provincial de Avogados e ao Colexio Provincial de Procuradores da Coruña.

## **7.Dar conta do marco presupostario 2015-2017 aprobado por Decreto do 19 de marzo do 2014**

Dáse conta do seguinte Decreto da Alcaldía de data 19 de marzo de 2014:

“En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro do Ministerio de Hacienda y de Administracións Públicas polo que se desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

Tendo en conta que o referido marco presupostario xa está elaborado RESOLVO:

1.Aprobar o seguinte marco presupostario:

<b>Ingresos /Gastos</b>	<b>Ano 2014 (en euros)</b>	<b>% taxa variación 2015/2014</b>	<b>Ano 2015 (en euros)</b>	<b>% taxa variación 2016/2015</b>	<b>Ano 2016 (en euros)</b>	<b>% taxa variación 2017/2016</b>	<b>Ano 2017 (en euros)</b>
<b>Ingresos</b>	<b>3.048.625,67</b>	<b>1,70</b>	<b>3.100.452,31</b>	<b>1,90</b>	<b>3.159.360,90</b>	<b>1,50</b>	<b>3.206.751,31</b>
Correntes	2.415.593,47	1,70	2.456.658,56	1,90	2.503.335,07	1,50	2.540.885,10
Capital	630.032,20	1,70	640.742,75	1,90	652.916,86	1,50	662.710,61
Financeiros	3.000,00	1,70	3.051,00	1,90	3.108,97	1,50	3.155,60
<b>Gastos</b>	<b>3.048.625,67</b>	<b>1,70</b>	<b>3.100.452,31</b>	<b>1,90</b>	<b>3.159.360,90</b>	<b>1,50</b>	<b>3.206.751,31</b>
Correntes	2.294.037,47	1,70	2.333.036,11	1,90	2.377.363,79	1,50	2.413.024,25
Capital	696.032,20	1,70	707.864,75	1,90	721.314,18	1,50	732.133,89

Financeiros	58.556,00	1,70	59.551,45	1,90	60.682,93	1,50	61.593,17
<b>Saldo operaci3ns no financeiras</b>	<b>55.556,00</b>		<b>56.500,45</b>		<b>57.573,96</b>		<b>58.437,57</b>
Axustes para o c3lculo de cap. o neces. Financ. SEC95	0,00		0,00		0,00		0,00
<b>Capacidade ou necesidade de financiamento</b>	<b>55.556,00</b>		<b>56.500,45</b>		<b>57.573,96</b>		<b>58.437,57</b>
<b>D3bda viva a 31/12</b>	<b>833.195,00</b>	<b>-6,67</b>	<b>777.639,00</b>	<b>-7,14</b>	<b>722.083,00</b>	<b>-100,00</b>	<b>0,00</b>
A corto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
A largo prazo	833.195,00	-6,67	777.639,00	-7,14	722.083,00	-100,00	662.527,00
Ratio D3bda viva/Ingresos correntes	0,34	-5,88	0,32	-9,38	0,29	-100,00	0,00

2. Remitir estas informaci3n sobre o referido marco presupostario ao MIHAP

### **8.Dar conta dos datos presupostarios 2014 remitidos 3 “ Ministerio de Hacienda y Administraciones P3blicas”**

D3se conta dos datos presupostarios 2014 remitidos 3 “Ministerio de Hacienda y Administraciones P3blicas” do cal resulta:

- Que se cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria
- Que se cumpre o obxectivo de regra do gasto
- Que o nivel de d3bda viva 3 777.777,32

### **9.Informaci3n da Alcald3a**

D3se conta dos decretos que tiveron lugar desde o 11/03/2014 ata o 9/05/2014, do que se dan por informados.

### **10.Rogos e Preguntas.**

O se3or Canabal fai os seguintes rogos e preguntas

PREGUNTAS:

#### **1. SOBRE O CONVENIO ASINADO CON RAMSA.**

Tendo en conta que se asinou recentemente un convenio coa empresa Ramsa, e tendo en conta asemade, que polos c3lculos que a empresa fixera do lucro cesante cando se expropiara para o paso da li3a de alta velocidade Santiago – Ourense (Creo recordar que cerca de 900 mill3ns de euros):

¿Canto prevé recadar o Concello?

Responde o señor Alcalde que o que se prevé recadar son aproximadamente 24.000 €/anuais.

¿Existía antes convenio? ¿Cómo funcionaban o dos bonos da grava?

En canto ao convenio anterior, responde o señor Alcalde que non está seguro, “ pero penso que non”.

¿Canto paga en concepto de IAE pola explotación no noso concello?

Responde o señor Alcalde que en canto ao IAE ( feita a comprobación pertinente no Padrón) o importe ascende a 1.568,31 €. Segue dicindo o Sr. alcalde que “A maquinaria e oficinas están en Vedra, e que os datos da empresa pódense consultar no Rexistro Mercantil”.

## 2. SOBRE O TANATORIO.

Vin nun rexistro deste mes a solicitude de licenza de apertura do tanatorio así como un recoñecemento da empresa de modificacións sobre o proxecto.

¿Ten a empresa todos os trámites feitos para a apertura do Tanatorio?

¿Están aprobadas polo Concello as modificacións do proxecto?

Responde o señor Alcalde que este tema estase tramitando na oficina de Estudio Técnico Galego e que Sanidade sí estivo no local.

## 3. SOBRE A SOLICITUDE DO INFORME SOBRE O PXOM Á DEPUTACIÓN

No mes de abril, o concello solicitou á deputación, por petición feita no anterior pleno ordinario, un informe á deputación sobre se se pode ou non construír vivendas unifamiliares en núcleos rurais coas licenzas esgotadas polo cupo das NNSSPP.

¿Enviou a Deputación este informe?

¿Cando chegue Rogo que mo remitan para poder estudalo.

Responde o Sr. Alcalde que o técnico (Isidro) di que non se pode. Que non se recibiu da Deputación o informe e que cando chegue remitiráselle.

## 4. SOBRE A FACTURACIÓN ENERXÉTICA DOS CONCELLOS

Nas pasadas semanas foron varios os concellos que presentaron queixas ante a empresa e tamén ante o Instituto Galego de Consumo, por defectos nas tarifas aplicadas por Gas Natural Fenosa. Un deses concellos, onde coñezo o caso por proximidade co seu Alcalde, foi o de Vilar de Santos.

Paralelamente a isto, CxG presentou con data 1 de abril de 2014 no rexistro deste concello unha moción facéndose eco da problemática; escrito que foi respondido polo Alcalde, dicindo que era a propia FAEPAC a que estaba realizando o control das facturas para ver se eran correctas. Ademais, tamén a empresa que se encarga do

mantemento do Alumeado Público fixo un informe de discrepancias, aínda que era por un caso concreto.

Tendo en conta todo isto, quixer saber:

¿Revisouse xa a revisión da facturación por parte da FAEPAC?

¿Existe algún informe?

Se existe algún informe, ou cando exista, rogo que mo faciliten.

Responde o Sr. Alcalde que a Deputación a través da FAEPAC, está levando a revisión das facturas.

O Sr. Canabal solicita que se lle remita información cando se reciba o informe da deputación.

## 5. PROBLEMAS NO PAVILLÓN DE DEPORTES

Se me permite o Sr. Alcalde, quixera formularlle a pregunta á Concelleira delegada. Despois do acto que se produciu aquí despois do último pleno extraordinario, gustaríame saber cal é a raíz do problema.

A Sra. García Fraga responde que o que ocorreu foi que un grupo de persoas viñan utilizando o pavillón de xeito irregular, pois viñan manipulando a máquina das moedas da luz ata que se estragou. Por este motivo, comunicóuselles que non podían seguir utilizando o pavillón ata que se arranxase.

Díxoselle que podían ir a Lestedo onde non se lles cobraría o consumo da enerxía, e eles dicían que eu (di a Sra. Concelleira) lle dera a orde a Barrio de que non se lles acendera a luz. As instalacións son de todos e non se pode cobrar a uns e a outros non.

O Sr. Alcalde di que eles non tiñan razón algunha.

O Sr. Canabal di que está ben que as instalacións estean controladas e non por máquinas. En canto aos ingresos (segue dicindo o Sr. Canabal) das actividades deportivas, onde empraza a Concelleira a unha explicación, que teño pensado facer na Comisión de Contas, cando se discuta a Conta Xeral do 2013.

A Sra. García Fraga di que sempre se fai un listado, ao que responde o Sr. Canabal que efectivamente hai unha lista e mellorouse moito, pero segue habendo fallos.

### ROGOS:

**1** Rogo que se cambien os horarios dos plenos para a tarde.

Responde o Sr. Alcalde que se fará na próxima sesión ordinaria.

**2.** Sobre a concesión do abastecemento de auga.

Quero en primeiro lugar recordar aos Sr. Concelleiros que no pleno do 14 de novembro de 2012, este pleno aprobou por unanimidade, unha moción que eu mesmo presentara sobre a concesión do servizo público de auga. Esta dicía, textualmente:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

**PRIMEIRO:** No último pleno ordinario de 12 de setembro cando se debatíu o punto sétimo da orde do día, a referida ao “Rexeitamento da alegación presentada por Espina&Delfín e proposta declaración de nulidade do acordo adoptado o 14-03-2012”, fixen unha solicitude para iniciar os trámites para que se incoe a declaración de nulidade do acordo adoptado no ano 2006, ao fin de que no vindeiro ano a auga pública volva a ser de todos e non dunha empresa en concreto.

**SEGUNDO:** É pública a miña posición en relación á ampliación do servizo público de auga no ano 2006, cando fun o único concelleiro que votou en contra, e mesmamente dicía por entón que a aceptación da ampliación da auga ata o ano 2043 trocaba de raíz o contrato asinado coa empresa Espina y Delfín no ano 2004.

**TERCEIRO:** É pública tamén a miña oposición ao incremento das tarifas da auga para o ano 2011, que mesmamente impugnei, onde se incrementaron estas un 3,2% que corresponderá á empresa adxudicataria máis un 28% sobre o importe resultante do anterior incremento que corresponde ao concello para facer fronte ao gasto de enerxía eléctrica pola depuradora de Orto e bombeo de río Ulla.

**CUARTO:** No pleno do 14 de marzo de 2012 o PP tomou en solitario, mesmamente cun informe en contra da secretaría do concello, adiantar o aboamento do canon, que corresponde ao concello durante a vixencia do contrato( ano 2044), ás anualidades 2012-2020 e ingresar ao concello os seguintes importes nas seguintes anualidades.

2012	91.180,00 €
2013	93.459,50 €
2014	95.795,99 €
2015	98.190,89 €
2016	100.645,66 €
2017	103.161,80 €
2018	105.740,85 €
2019	108.384,37 €
2020	111.093,98 €

Das contías anteriormente citadas a empresa deducirá o importe correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla. A partires deste ano 2020, a facturación polo consumo de enerxía pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla será a cargo do concello. É dicir, segundo o estipulado no informe da secretaría o Concello deixaría de ingresar nesta operación 1.314.812,50 €.

**QUINTO:** O informe nº 2012/6 do Servizo de Asistencia Económica a Municipios, no seu punto 10, conclúe:

1. Os gastos de enerxía eléctrica de ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla son gastos propios da explotación do servizo de abastecemento obxecto da concesión e, polo tanto, a cargo do concesionario de acordo co establecido nas



cláusulas 1, 7, 29, 30 e 31 do PCAP e nos artigos 11, 14, 162 e 163 do TRLCAP.

2. Non se considera apropiado acudir a vía do rescate da concesión senón a do requirimento de reintegro das cantidades indebidamente aboadas polo concello en concepto de gastos de enerxía eléctrica da ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla, unha vez declarada a nulidade do acordo plenario de 14 de marzo de 2012, de acordo cas prerrogativas do Concello como administración contratante (art.59 TRLCAP) que podería derivar nun procedemento de resolución do contrato por causa imputable ao contratista de acordo ca normativa citada e as cláusulas 43 e 44 do PCAP (Incumprimento por parte do concesionario do que se derivase infracción moi grave).
3. A “ampliación do prazo da concesión ata o ano 2043” a cambio de realización de obras de ampliación da rede municipal de abastecemento estaríamos ante un suposto de “adxudicación directa implícita” de tales investimentos non previstos no obxecto do contrato inicialmente asinado dando lugar a modificación do mesmo sen tramitar o correspondente procedemento e dicir, que neste punto se estaría incorrendo no suposto de nulidade de pleno dereito do art.62.1. e da Lei 30/92 e, polo tanto, desde este punto de vista procedería aplicación do art.102 da Lei 30/92 de declaración de oficio da nulidade de actos administrativos que poñan que poñan fin a vía administrativa previo ditame do Consello Consultivo de Galicia xa sexa por iniciativa propia da administración ou a instancias do interesado.
4. O acordo plenario de 11 de xaneiro de 2006 polo que se aproba a ampliación do prazo da concesión inicialmente establecido e susceptible de anulación mediante a tramitación do correspondente procedemento de revisión de oficio de acordo co establecido no art. 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común antes do vencemento do prazo inicial do contrato asinado o 21 de xullo de 2004, polo que se podería efectuar a extinción do mesmo por cumprimento do prazo inicialmente establecido sen prexuízo de que se teña que tramitar, no seu caso, un procedemento de resolución polo asunto dos gastos de enerxía eléctrica como se explica neste informe.

**SEXTO:** Tanto o concello como os veciños están a soportar unhas cargas realmente lesivas, froito dunhas decisións mal tomadas no seu día, e froito dunha concesión administrativa viciada co primeiro acordo realizado no ano 2006, tal e como recollen as conclusións do informe da Deputación do punto anterior.

E así que, atendendo aos antecedentes e da cordo coa proposta feita xa no pleno do 12 de setembro de 2012 e aceptada polo anterior alcalde, someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1. Iniciar todos os trámites necesarios para incoar o expediente de declaración de nulidade do acordo de ampliación do servizo de abastecemento de auga adoptado no ano 2006.
2. Remitir ao pleno deste Concello a relación dos investimentos feitos pola empresa Espina y Delfín no Concello a raíz do acordo de 2006, e os consumos

enerxéticos correspondentes ao servizo de abastecemento de auga dende o ano 2004.

Tendo en conta que xa pasou case dous anos, e tendo asemade en conta os informes aos que fago referencia no corpo da moción, que teño preguntado en moitas ocasións e que vexo que non se fai nada, sen que soe a ameaza, déixolle un par de semanas, e se non tentan resolver este problema, pois vereime obrigado de acudir a outras instancias, porque vexo que se está a prexudicar aos veciños de Boqueixón.

Do mesmo xeito, pido tamén aos servizos xurídicos deste concello se poden facilitarme os dous informes emitidos pola Deputación, posto que eu só encontrei un, aínda que coido que existía outro, tamén no mesmo senso.

Para entendernos do que estamos a falar; tanto o prego de cláusulas administrativas como o propio contrato asinado, non establecen que os custos enerxéticos sexan a conta do concello. Polo tanto, entendo que estamos pagando un sobrecusto de aproximadamente 100.000 €, cando non debera facelo o concello.

Responde o señor Alcalde que convocará unha xuntanza con Espina & Delfín para tratar este tema e ó que convocará ós Concelleiros da oposición.

### 3 Sobre diversa documentación do Pleno.

En todos os órganos nos que se actúe en nome do concello (como pode ser o consello reitor do SAUI-2 e a súa Asemblea, a Fundación Pedro Pérez...) deberían facilitarnos copia das actas, ou remitírnolas por correo electrónico, ao igual que fan coas actas da Xunta de Goberno e dos Plenos.

En segundo lugar, tendo en conta que os puntos que trata a Xunta de Goberno que son competencias do pleno delegadas son públicas, para poder ter acceso a estes puntos, supoño que sería operativo que nos enviaran as convocatorias da Xunta de Goberno, por se existe algún punto que queiramos asistir.

Aínda que supoño que terá graza velos a vostedes discutir nunha Xunta de Goberno. Ben pensado, sería simpático.

O señor Barcala fai os seguintes rogos e preguntas

#### ROGOS

**1.** Rogo que axuda concedida para excursión do CPI Antonio Orza, dos alumnos de 3º e 4º, con unha contía de 400 € para aproximadamente 40 alumnos sexa incrementada, posto que os 10 € por alumno aproximadamente paréceme moi pouco.

**2.-** Na xuntanza do Consello Reitor da Xunta de Compensación do SAUI-2, asiste como delegada a traballadora do concello dona Cristina Carbajales, en representación da alcaldía. Poderíanos informar o Pleno dos acordos alí tomados, simplemente darnos información do alí acontecido.

**3.** Rogo que se protexa o entorno turístico do Pico Sacro. Teño noticias e fotos que me enviou algún veciño, nas que se pode ver o estado de abandono e deterioro das

infraestruturas turísticas, tales como o Centro de Interpretación do Pico Sacro. Pódese ver que as fiestras están caendo.

As escaleiras de acceso o Pico están sendo transitadas con motos o que produce un enorme deterioro e erosión.

4. Vexo que na Xunta de Goberno acábbase de mercar unha cámara fotográfica dixital e un proxector HD. Entre outros cunha inversión de 4.700,85 € (factura 5 de maio 2014). Supoño que o fin para o que se fai esta compra, será para a utilización do concello, non para as campañas electorais do PP de Boqueixón.

#### PREGUNTAS:

1. ¿Por qué se poñen os números das casas por orden alfabético, e non pola súa situación? Isto que se fixo crea un auténtico caos nas empresas de reparto e mesmo en correos. Deberíamos cambiar este sistema aproveitando que se deron nomes as rúas de Lestedo.

Responde o Sr. Alcalde que urbanismo está tramitando este tema.

2. ¿Por qué non se contestaron ás preguntas do Pleno anterior?

Responde a Secretaria que solen contestarse todas. Posteriormente, feitas as comprobacións oportunas, si constan as respostas ás preguntas formuladas.

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e Prace  
O Alcalde